

Xabier Quiroga presenta a súa nova novela: "A amizade, tan próxima ao amor ás veces, é a que marca o ritmo en *Alguén ao lado*"

Xabier Quiroga (O Saviñao, 1961) vén de presentar *Alguén ao lado* (Xerais), unha novela íntima sobre identidade, desexo e amizade. A partir dunha mensaxe inesperada e dunha viaxe a Marrakech, o autor mergúllase nas feridas do pasado para explorar a dificultade de amar, entenderse e reinventarse co paso do tempo.

Sergio Casal 12 de xaneiro de 2026

—Que lle interesaba explorar nesta novela arredor dos sentimentos?

Este libro, un pouco separado da miña traxectoria anterior na que falaba moito de memoria histórica e da procura dunha identidade colectiva, partiu como unha especie de necesidade de demostrarme que podía achegarme aos sentimentos. É unha novela que fala de amor, de desamor, de amizade e tamén é unha reflexión sobre unha xeración. Unha xeración criada aquí que tivo moitos problemas e que saíu un pouco trasquilada por moitos sitios.

—Até que punto o pasado dun protagonista condiciona a súa capacidade de vivir o presente?

Até o límite. As persoas que lean o libro vanse dar conta de que o personaxe principal está completamente condicionado por unhas relacións de xuventude que o marcaron. Relacións de amor, de amizade e das procuras que un realiza cando é novo. Procuras que levan a pensar que atopou o esencial da vida e, a partir de aí, todo o demais foi caer costa abaixo.

—Que simboliza a viaxe a Marrakech dentro da evolución do protagonista?

A viaxe a Marrakech, que despois remata en Casablanca, simboliza o desexo de buscar ese pasado. De buscar as claves que demostran o mal que está. Como chegou a ese estado, a que foi debido. Hai moitas preguntas que responder na súa vida, sobre todo na parte sentimental e de relacións. El simplemente busca atopar respostas a esas preguntas. Polo que podo adiantar, atoparaas, pero non sempre como quere, e a descuberta é moi dura e moi grave.

—É a dificultade para amar ou entenderse un trazo profundamente humano?

É moi humano, está claro. E esa dificultade para entenderse é maior aquí sobre todo sabendo que hai tres personaxes. Entre dous ás veces parece complicado, pois imaxina entre tres persoas. Hai moitos fíos invisíbeis que se tecen ou sinais que moitas veces un non interpreta ben, e cando hai que tomar decisións, ás veces estas marcan o teu camiño e a túa vida. Despois preguntaste se foi o adecuado e se fixeches ben. Pero en ocasións escollemos camiños que non teñen volta atrás. Non hai atallos nin vías secundarias.

Hai que seguir adiante e chegas a unha idade na que te tes que facer preguntas. Quizais o que sucede coa chamada e a viaxe a Marraketch é un intento por responder esas preguntas.

—Cal é o papel que ten a amizade nesta novela?

Quizais é o elo que une todo. É unha amizade, é amor... Realmente non sabería dicir. A historia é unha historia de amor e amargor. Ao protagonista gústalle escribir e baleirarse nas páxinas, algo que permite ir descubríndose.

El non sabe de moitas cousas, pero sabe do que sente e do que pasou. A amizade, tan próxima ao amor ás veces, é a que marca o ritmo desta novela.

—A novela fala de reinventarse. É posíbel facelo sen revisar antes as propias feridas?

As persoas, a non ser que sexan moi catastrofistas, tenden a sobrevivir. Ás feridas, ás cicatrices... Hai cicatrices que quedan, pero un tira para adiante e busca novas relacións e amizades, aínda que moitas veces non enchan os baleiros previos. Iso é o que hai.